

Acta da reunión de Xunta Directiva da Federación Galega de Tenis celebrada o 31 de marzo de 2020 ás 20.05 horas por videoconferencia, á que asisten os seguinte membros:

Presidente: José Mosquera Caseiro

Vicepresidente: Gabriel Fernández Mourelle

Secretario: Ignacio López López

Tesoureira: Antía García Fernández

Vocais:

Paula García Tenorio

Susana Varela Vila

María Berini Pita Dá Veiga

Juan José Medín Guyatt

Jorge Gonzalez Álvarez

Javier da Torre Fernández

Asistente a secretaría: M^a Jesús Fernández García

Acta de sesión: É aberta polo presidente, que saúda a todos os existentes, desculpa a non asistencia de Sonia López, e comunica que a partir de agora M^a Jesús Fernández García participará nas reunións de Xunta Directiva, Comisión Delegada e Asembleas como asistente ao secretario. Os participantes recibiron previamente os informes dos distintos puntos da Orde do Día, que foron os seguintes:

1. Aprobación da acta da reunión anterior

A acta é aprobada polos membros participantes nesta reunión.

2. Ratificación e readaptación do calendario do Circuito Babolat.

Este calendario foi aprobado en xaneiro, unha vez estudadas as solicitudes presentadas por os clubs e tomando en conta os criterios de adxudicación para a organización dos mesmos nestes últimos anos, como equiparación de torneos entre Norte/Sur e Costa/Interior.

Resúmese brevemente o calendario:

1ª Proba: Celebrada con toda normalidade entre o 14 de febreiro e o 8 de marzo Campionato Galego Infantil e Júnior, Torneo Babolat Alevín e Cadete Sedes: C. Mercantil e I. de Pontevedra e Club Tenis Pontevedra	2ª Proba: Campionato Galego Alevín e Cadete, Torneo Babolat Infantil e Júnior Sedes: Club de Tenis Coruña e Sp. Club Casino Coruña Datas: Do 1 ao 17 de maio	3ª Proba: Torneo Babolat Alevín, Infantil, Cadete e Júnior Sedes: Club de Tenis O Rial e C. Mercantil e I. de Pontevedra Datas: Do 29 de maio ao 14 de xuño.
4ª Proba: Torneo Babolat Alevín, Infantil, Cadete e Júnior Sedes: CMI Club de Campo de Ferrol e Casino Ferrolán Tenis Club Datas: Do 19 ao 28 de xuño.	5ª Proba: Torneo Babolat Alevín, Infantil, Cadete e Júnior Sede: CC Mercantil e Industrial de Vigo Datas: Do 17 ao 26 de xullo.	6ª Proba: Torneo Babolat Alevín, Infantil, Cadete e Júnior Sede: Centro Deportivo D10 e Club Tenis As Termas Datas: Do 21 ao 30 de agosto.
Máster Babolat: Categorias Alevín, Infantil, Cadete e Júnior Sede: R. S.D. Hípica da Coruña Datas: Do 4 ao 13 de setembro		

O informe do Comité de Competición da Federación Galega de Tenis, indícanos as marxes de actuación para o desenvolvemento do calendario do Circuito Babolat debido ao Estado de Alarma implantado polo Goberno Central pola pandemia do Covid-19.

A 1ª proba disputouse con normalidade, e con ela os Campionatos Galegos Infantil e Junior. Os campionatos galegos Alevín e Cadete estaban previstos do 1 ao 17 de maio, se non se poden xogar nesa data, aínda hai marxe ata o 14 de xuño. Se nesa data están sen xogar, hai que establecer criterios para seleccionar aos nosos representantes nos campionatos de España que se xogarán do 20 ao 28 de Xuño, a condición de que a RFET decida manter esas datas. De non xogarse en ningunha desas datas, poderanse xogar na semana protexida do Cto Gallego Absoluto, que é do 19 ao 26 de xullo e sempre a expensas do que decida a RFET con respecto ao calendario dos Campionatos de España.

En todo caso, a readaptación do calendario formalizarase cando saibamos a data definitiva do peche do estado de alarma implantado polo Goberno.

3. Proposta de atraso e mantemento do calendario de interclubs.

A maior afectación do calendario de competición da Federación Galega de Tenis prodúcese na competición por equipos. Neste momento, se o peche do estado de alarma non se prolongase máis do 11 de abril, aínda se tería marxe de recuperación sempre que se puidese reiniciar a competición na fin de semana do 18-19/04.

Como isto é improbable, terase que axustar o calendario buscando sacar o maior número de xornadas entre xullo e agosto, tratando de finalizar a competición na primeira quincena de setembro, co obxectivo de iniciar as categorías (junior, veteranos +35, +55 e veteranas +40) de forma normalizada a partir da segunda quincena de setembro.

De novo hai que esperar ás noticias que vaíamos tendo do Goberno Central para poder tomar as decisións mais adecuadas á nosa competición.

Acórdase que a competición por equipos poderase atrasar pero non se dará por finalizada sen estalo.

4. Basees convocatorias Bolsas Xogadores por resultados 2019

En relación a este punto, están a pagarse agora as bolsas de resultados do ano 2018, que reparten 4000€ entre os xogadores que cumpriron coa normativa da axuda:

Xogadores	Resultados	Reparto final
David Cao Pardal	1100€	946€
Rafael Izquierdo Luque	700€	602€
Jessica Bouzas Maneiro	2600€	2237€
Iago Domínguez Álvarez	250€	215€
Total	4650€	4000€

En canto ás bolsas por resultados do ano 2019 que se outorgarán durante o 2020, está a traballarse sobre a normativa de solicitude e repartición, xa que como a RFET no 2020 aumenta a subvención en 3000€ debido aos resultados extraordinarios obtidos na Copa Davis, aumentaría este programa de 4000€ a 5000 ou 5500€.

5. Informes do Presidente

a) O Presidente informa da situación dos empregados da Escola de Tenis de Samil, xa que o resto segue con normalidade con teletraballo.

As decisións tomadas foron as seguintes: Como o mes de marzo facturouse con normalidade e déronse clases o primeiros quince días do mes, acordouse que os outros quince días de marzo iranse recuperando desde a data de apertura ata o 31 de decembro de 2020. En relación ao mes de abril, se o estado de alerta mantense ata o 11, son 6 días laborable para os traballadores. Neste caso se lles dió a opción de coller eses 6 días como vacacións, quedándolles outros 16 de libre elección, e aceptárona.

A partir de aí, esgótanse as medidas de resistencia ao ERTE e a Federación veríase obrigada a solicitalo para esta parte do persoal federativo.

A solicitude de Gabriel Fernández, o Presidente comenta a actuación do resto de Federacións, que se acolleron a ERTE sen tratar de buscar outras solucións. Hai que ter en conta que ao cobrar xa subvención do Consello Superior de Deportes as federacións nacionais terán que ter moito coidado na xestión de solicitude de ERTE para non duplicar axudas.

b) Resume brevemente a situación do ITF Junior de Pontevedra asignado pola RFET á empresa de Noli Álvarez e a intención de reclamalo para o 2020 por parte do Casino Mercantil e Industrial de Pontevedra, que o ano pasado por circunstancias económicas non o puido realizar. Desde a RFET solicitan garantías de organización, difíciles de dar neste momento por parte do Club.

c) WTA, a intención é facer 1wta en Ourense e o outro en Vigo ou Club de Tenis Pontevedra. Tanto o concello de Vigo, como o de Pontevedra están dispostos a colaborar.

Na última reunión que tivo co Concelleiro de Deportes de Vigo acordouse estudar a fórmula de outorgar as axudas por medio da firma dun convenio en lugar de aplicar Lei de Subvencións, e que o mesmo pódese facer coa Deputación de Pontevedra.

Recuperada a normalidade e xa sen Estado de Alerta volveránse a reunir para xa tomar a decisión definitiva sobre a organización do Torneo Internacional feminino.

Gabriel Fernández solicita a palabra para manifestar que se pode falar coa RFET para que financien parte da organización dos torneos internacionais, xa que é sabido que se cancelaron

bastantes de maior rango que estes wta, cos que viñan colaborando economicamente. Neste sentido, José Mosquera comunica que xa estivo falando con Miguel Ángel Martín sobre este asunto, sen aínda ter unha resposta definitiva.

d) Solicitada subvención para equipamentos na Secretaría Xeral e tamén a través do Xacobeo 2021, tanto para a realización das competicións de Touch Tennis como para os WTA. En relación ao Touch Tennis, a idea é a organización de competición nos pobos de entrada ao Camiño de Santiago en Galicia.

Neste momento está todo paralizado e hai que esperar ás medidas que tomen desde a Administración Galega.

Pódese solicitar á RFET colaboración, non tanto económica, que xa se sabe que son bastante remisos, pero se con reclamos publicitarios, posto que os que foron grandes xogadores están a cobrar moitos carto por exhibicións.

Outra opción é chamar aos nosos mellores tenistas, como Óscar Burrieza ou Lourdes Domínguez.

6. Rogos e Preguntas

a) Solicita a palabra Juan Medín, facendo referencia ao ITF Junior de Pontevedra, xa que despois do exposto durante os informes do Presidente, entende que o Casino Mercantil e Industrial de Pontevedra non está descartado da organización a pesar de todas as súas dificultades.

Dito isto e como xa lle anticipou a Noli Álvarez, se o Casino Mercantil de Pontevedra non queda descartado definitivamente, o Sporting Club Casino non se comprometerá coa organización do evento e aínda que ao final se se lle negase a organización, para o Sporting Club este ano sería moi complicado acoller este torneo internacional, primeiro porque as datas no calendario para o desenvolvemento da organización previa xa están moi avanzadas e segundo porque con isto do confinamento, os socios non quixerán ter as pistas hipotecadas cun torneo internacional novo.

O Presidente comenta que aínda hai algunha marxe de resposta, xa que o Mercantil de Pontevedra ten ata o 15 de abril para ofrecer garantías á RFET e despois desta data e de valorar a posible organización, aínda se podería esperar ata o mes de xuño para facer cálculos de orzamentos e mandar o fact sheet á internacional.

O que habería que evitar en todo caso é perdelo, porque a ITF non está a permitir organizar mais probas das que hai, sendo o mais probable que se organice finalmente no CCD de Sanxenxo como o ano pasado antes de eliminalo do calendario.

A duplicidade de torneos na mesma semana non está permitida pola ITF, polo que non debería pasar que se organizasen dous torneos na mesma semana debido á cancelación por Estado de Alarma dalgún deles.

Haberá que estar pendentes do que se vaia xestionando a través da RFET.

b) Toma agora a palabra María Berini, que informa de que para poder realizar o encargo que recibiron de revitalizar o tenis feminino, faise necesario iniciar as visitas aos clubs nos que poderán observarse as situacións reais e tomaranse datos de contraste para posteriormente analízalos e establecer patróns específicos para presentar os programas de activación mais acordados a cada poboación.

É por iso, que se establecerá un cuestionario pechado para que todo o que participe leve a mesma liña de actuación na recollida destes datos. Para este traballo pódese contar coa colaboración de invitados próximos ao tenis feminino, como poden ser Fernando Rey ou Lourdes Domínguez.

Esta recollida de datos e o seu estudo é moi adecuado para poder presentalos a esa reunión monográfica sobre o tenis feminino que pretende organizar esta Xunta Directiva.

Os datos numéricos iniciais de perfís das licenzas femininas, en canto a idade e localidades pódese emitir desde as estatísticas de licenzas da aplicación de xestión das licenzas federativas.

A partir de aí, as visitas aos clubs son indispensables para chegar ás conclusións reais do tenis feminino.

José Mosquera fai mención á organización posible dunha competición de máxima proximidade, no que as participantes a teñan resolta nun máximo de tempo de dúas horas e media, como pode pasar en Ourense, entre Ribadavia, e Ourense Ciudad, que conta con dous colexios que estarían dispostos a participar.

Para a toma de datos, o grupo de traballo organizador pode contar coa axuda do resto de membros da Xunta Directiva e deste maneira, se o ven adecuado, non terían que desprazarse da súa contorna mais próxima.

c) Javier da Torre fai referencia ao calendario da competición galega e pregunta que se ten pensado facer con eses torneos que se tiveron que cancelar e se se permitirá a duplicidade de eventos nunha mesma semana.

Jorge González respóndelle que por regulamento non se poden organizar dous torneos con premios en metálico na mesma semana, así que esa incidencia non se debería producir.

De todos os xeitos, os meses máis complicados son os de verán.

Primeiro respectarase o que queda de calendario e encaixar despois o que veña atrasado, respectando as normas de homologación de torneos.

d) José Mosquera informa que ao haber aprazamento do peche de contas anuais por 3 meses por Real Decreto e ao faltar as últimas comprobacións, estas aprobaranse na seguinte reunión. Antes de finalizar, os asistentes queren manifestar o seu acordo no formato de reunión por vídeo conferencia, que facilita a presenza de todos e é moi operativo.

E non habendo mais temas que tratar, dáse por pechada a sesión sendo as 21:15 horas do 31 de marzo de 2020, da que levanto a presente acta, co Vº Bº do Presidente.

O Presidente

José Mosquera Casero



Ignacio López López
Secreario